



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE CARIÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "ACONDICIONAMENTO E RENOVACIÓN DO ENTORNO DA RAMPLA DO CASTRO"

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Cariño para a execución do proxecto "Acondicionamento e renovación do entorno da Rampla do Castro".

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan as infraestructuras viarias.

O Concello de Cariño manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto denominado: "acondicionamento e renovación do entorno da Rampla do Castro", debido ao estado envellecido que amosan os parámetros do entorno, polo que considéranse necesarias unha serie de actuacións para dar un aspecto visual satisfactorio do conxunto.

A dita rampla e o seu entorno é un espazo público do Concello de Cariño moi coñecido e de certa relevancia na historia da vila. Trátase dunha vía de comunicación peonil moi





empregada por veciños e turistas, aso ser o punto de acceso á zona vella de Cariño, situado mais ao leste, xunto na entrada ao Porto de Cariño e a carón do inicio do paseo marítimo.

Ademais conta co miradoiro do Castro na parte mais alta da rampla, para desfrutar dunhas vistas panorámicas de toda a praia urbano de Cariño e do paseo marítimo que discorre en paralelo a esta.

En canto á relevancia da Rampla do Castro na historia da vila de Cariño, ao ser un lugar visible dende calquera punto da praia urbana de Cariño antigamente empregábanse os parámetros verticais da rampla para colocar bandeiras e outros distintivos visuais que permitían informar a mariñeiros, conserveiros e outros gremios da próxima chegada ou saída de embarcacións ao porto.

Nos últimos anos o Concello de Cariño acometeu unha reforma da Rampla do Castro, que incluíu a execución de novos pavimentos de formigón coloreado, a colocación de valos de protección de aceiro inoxidable nos bordes das ramplas, a mellora de drenaxe de pluviais e a instalación de luminarias encaixadas no chan para mellorar a visibilidade pola noite.

Como remate destas tarefas de acondicionamento e humanización da Rampla do Castro maniféstase agora a renovación dos parámetros verticais da rampla, rematados superficialmente cun enfoscado de cemento gris sen pintar e moi avellentados xa polo escaso mantemento das últimas décadas.

Na actualidade destaca en sentido negativo a nivel estético e visual nun entorno especialmente coidado, debido ao acabado superficial dos parámetros verticais existentes, enfoscados cun morteiro de cemento gris moi avellentado e sen pintar.

Estes múltiples motivos serven para xustificar a necesidade de acometer este fase final de acondicionamento e renovación do entorno da Rampla do Castro, consistente na limpeza, saneo, enfoscado e pintado dos catro parámetros verticais que delimitan as ramplas durante o seu percorrido.

Todos estes factores recomendan as actuacións previstas, as cales redundan en calquera caso no beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

A realización da obra require un investimento que o Concello de Cariño non pode afrontar con recursos propios neste momento. O montante económico do proxecto, excede dos recursos locais dispoñibles actualmente, razón pola cal resulta necesario solicitar unha subvención á Xunta de Galicia pola totalidade do orzamento da obra.

III. Finalidade

O obxectivo común é mellorar as infraestruturas municipais, de forma que o Concello poida prestar servizos de calidade á veciñanza.





Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Cariño o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Cariño para executar as obras incluídas no Proxecto: "acondicionamento e renovación do entorno da Rampla do Castro", cun orzamento total de 18.000 € (IVE incluído).

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Cariño dispón de diversos servizos a prestar a poboación, entre os cales están os sinalados no artigo 25.2. d) da Lei 7/1985 de 2 de abril de reguladora das bases do Réxime Local polo exerce competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de infraestruturas viarias

O Concello de Cariño manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o Proxecto: "acondicionamento e renovación do entorno da Rampla do Castro", debido ao aspecto envellecido e ao nacemento periódico de vexetación sobre los parámetros da rampla e o seu entorno.

A solicitude fundaméntase na necesidade de atender o estado deteriorado de conservación que presenta a estrutura municipal.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Cariño.





Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración mais próxima aos administrados.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese Concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuación da subvención:

As actuacións consisten nunha serie de intervencións de mantemento para o acondicionamento e renovación dos parámetros que están enfoscados con morteiro de cemento, xa que o paso do tempo e o nacemento periódico de vexetación sobre os mesmos fan que o seu estado actual precise de actuacións que son as que se describen a continuación:

- limpeza dos parámetros con hidrolimpadora a presión, para eliminar a vexetación e os desconchóns ou restos soltos do enlucido actual de morteiro de cemento
- saneo dos parámetros, reparando con morteiro de cemento os danos de maior entidade ou as zonas mais singulares
- enfoscado dos parámetros cunha capa de morteiro de cemento gris de 3 cm. De espesor medio considerado e cepillado lixeiro do novo enfoscado unha vez acadada a resistencia necesaria, e un lavado posterior con auga para eliminar calquera resto de area ou suciedade sobre os parámetros.
- pintado dos parámetros con aplicación dunha primeira capa de imprimación a base de resinas acrílicas con base de auga e posteriormente dúas capas de pintura acrílica para exteriores, combinando distintos cores dentro da gama RAL estándar e distintos acabados superficiais.

VII. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral Técnica, alcanzará a cantidade máxima cantidade de **dezaioito mil euros (18.000 €, IVE incluído)**, con cargo á aplicación





orxamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento do proxecto.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

